

# O ceo dos Satélites Ía

AS CONSTELACIÓNS CIRCUMPOLARES


Este caderno didáctico para infantil e primaria foi elaborado por Nuria Fiaño e Carmen Denébola, mestras e divulgadoras do Grupo de Traballo Sátelites da Agrupación Astronómica Coruñesa Ío para o seu uso no Obradoiro Sátelites no ano 2017.

Na idea orixinal, cada nena e neno teñen o seu caderno individual co seu nome na portada. As páxinas baleiras destínanse a debuxar constelacións con diversas técnicas (roturadores de cores, pinturas de diversos tipo, pegatinas...). Imprimiuse sobre cartulina negra.

# CASIOPEA E CEFEU

## CURIOSIDADES CULTURAIS



A lenda que hai detrás destas constelacións é unha das máis coñecidas da **mitoloxía grega**. Conta a historia que **Casiopea**, raíña de Etiopía, estaba casada co rei **Cefeo** e presumía constantemente da beleza da súa filla **Andrómeda**. Afirmaba que era máis bela que as Nereidas, ninfas dos mares. Isto enfureceu a Poseidón, deus do mar, que enviou un monstro mariño chamado **Cetus** como vinganza. A única solución que atopou Cefeo para salvarse do monstro foi sacrificar a súa filla e por iso atouna a unha rocha na costa, esperando a chegada de Cetus. Pero o que apareceu de súpeto foi **Perseo**, quen quedou namorado de Andrómeda nada máis vela. Prometeu salvala a cambio de casar con ela, pero o que non sabía era que xa estaba prometida con outro home. A todas as persoas que se opoñían ao matrimonio entre Andrómeda e Perseo, éste converteunas en pedra ao amosarlles a cabeza de Medusa. Finalmente Perseo casou con Andrómeda e os fillos que tiveron chamáronse **Perseidas**.



## ÉPOCA DO ANO NA QUE SE PODEN VER

Son constelacións **circumpolares**, o que quere dicir que sempre están xirando ao redor de Polaris sen chegar a poñerse debaixo do horizonte. Por esta razón podémolas ver durante todo o ano mirando en dirección norte. A mellor época para poder observalas no alto do ceo de cara a media noite é durante setembro, outubro e novembro.

## FORMAS E ESTRELAS PRINCIPAIS






*A miña versión de Casiopea*

*A miña versión de Cefea*

# DRACO

## ESTRELAS PRINCIPAIS DO ASTERISMO



## CURIOSIDADES CULTURAIS

Se es un afeccionado/a aos libros e películas de Harry Potter seguro que che resulta familiar o nome de Draco. J.K. Rowling, a autora desta saga, empregou nomes de estrelas e constelacións para nomear a algunhas personaxes. Draco Malfoy é o mago inimigo de Harry Potter e o seu fillo tamén leva nome de constelación: Scorpius. Por outra banda, o padriño de Harry Potter é Sirius (nome da estrela máis brillante do hemisferio norte) e o irmán deste é Regulus (estrela principal de Leo).


## ÉPOCA DO ANO NA QUE SE PODE VER

Trátase dunha constelación *circumpolar* que xira en torno á estrela Polar. De feito, semella que o dragón rodea coa súa cola á osa menor. Fai 4.800 anos a estrela Thuban indicaba o norte igual que hoxe o fai Polarís. Do mesmo modo que o resto de constelacións circumpolares, pódese observar en calquera época do ano e, na Caruña, nunca se pon debaixo do horizonte.

*A miña versión de Draca*

# OSA MAIOR

## FORMA DO ASTERISMO




## AS SUAS ESTRELAS PRINCIPAIS



## ÉPOCA DO ANO NA QUE SE PODE VER

É unha constelación **circumpolar** xa que xira en torno á estrela Polar e, dende o hemisferio norte, poderemos vela durante todas as noites do ano.

O que vai cambiando é a súa posición en relación ao horizonte dependendo da época do ano na que nos atopemos. Na imaxe da dereita podes ver en que lugar estará a Osa Maior, máis ou menos, cando é media noite.



## CURIOSIDADES CULTURAIS

Ao longo da historia, cada cultura foi elaborando a súa propia interpretación do que vía no ceo. Na antiga Grecia e en moitos pobos de América do norte vían no asterismo a cola dunha osa. Nos Estados Unidos chámanlle "O Gran Cucharón" e en Francia "A Cazola". Para os ingleses é un "Arado" e na Europa Medieval era o "Gran Carro". Aínda a día de hoxe nós tamén o coñecemos por ese mesmo nome.




*A miña versión da Osa Maior*


# LYNX, CAMELOPARDALIS E LACERTA




**LYNX:** As tres estrelas máis brillantes do Lince están entre magnitude 3 e 4. É curioso que unha delas se chame "Ursa Majoris" cando realmente non pertence á constelación da Osa Maior.



**CAMELOPARDALIS:** Non hai ningunha estrela da constelación da xirafa que sexa moi brillante, estando a maioría entre magnitude 4 e 5. A máis importante delas é 65 veces máis grande que o noso Sol.



**LACERTA:** Unha das súas estrelas é 26.800 veces máis luminosa que o o noso Sol, pero nós vémosla moi pouco brillante. Só unha das estrelas do Lagarto ten magnitude inferior a 4.



## CURIOSIDADES CULTURAIS

Estas tres constelacións circumpolares levan nomes de animais: Lince, Xirafa e Lagarto. Pero non son as únicas!! No ceo podemos atopar un "zoolóxico" do máis variado, formado por outras constelacións que tamén levan nomes de animais e moitas delas son máis brillantes e fáciles de ver que estas. Por exemplo, podemos atopar un par de Osas, un León, un Cisne, un Aguiá, un Golfiño, unha Raposa, unha Lebre, uns Cans...

*A miña versión de Lynx*

*A miña versión de Camelopardalis*

*A miña versión de Lacerta*



UN CADERNO DE DEBUXO PARA APRENDER  
SOBRE AS CONSTELACIÓNS CIRCUMPOLARES